



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 601
24 de novembro de 2023

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

a) Documentos presentados polo G. P. Popular de Galicia:

Docs. núms. 62434 e 62435.

[229076](#), [229078](#)

b) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

Doc. núm. 62430.

[229102](#)

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

Doc. núm. 62426 e corrección de erros no doc. núm. 62522.

[229115](#), [229125](#)

■ Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia

■ 59988 (11/PL-000025)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia

[229069](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

■ 62144 (11/MOC-000182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre os servizos de transporte escolar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 60841, publicada no BOPG 578, do 11 de outubro de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)

[229070](#)

■ 62145 (11/MOC-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre a contratación do servizo de transporte público (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 52097, publicada no BOPG 478, do 5 de abril de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)

[229070](#)



I 62146 (11/MOC-000184)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 59152, publicada no BOPG 561, do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.) [229070](#)

1.3.6. Propositions non de lei**1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno****1.3.6.1.4. Propositions tramitadas****Aprobación sen modificacións****I 60354 (11/PNP-004865)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado [229071](#)

I 61288 (11/PNP-004954)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilita que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva [229071](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 57950 (11/PNP-004663)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual [229072](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 58152 (11/PNP-004684)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes [229073](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 61472 (11/PNP-004973)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise de produción de castaña [229073](#)



I 61808 (11/PNP-005007)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista

[229074](#)**1.3.7.1. Declaracións institucionais****I Declaración institucional: Día Mundial da Infancia 2023**[229074](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

- Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 24 de novembro de 2023, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2023, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. Popular de Galicia:
Docs. núms. 62434 e 62435.

b) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:
Doc. núm. 62430.

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:
Doc. núm. 62426 e corrección de erros no doc. núm. 62522.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

- a) 24 emendas do G. P. Popular de Galicia.
- b) 13 emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.
- c) 32 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

- Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 59988 (11/PL-000025)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia
BOPG nº 565, do 20.09.2023



Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de novembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 62144 (11/MOC-000182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre os servizos de transporte escolar (Moción consecuencia da Interpelacion doc. núm. 60841, publicada no BOPG 578, do 11 de outubro de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)

BOPG nº 595, do 15.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 62145 (11/MOC-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre a contratación do servizo de transporte público (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 52097, publicada no BOPG 478, do 5 de abril de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)

BOPG nº 595, do 15.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 62146 (11/MOC-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 59152, publicada no BOPG 561, do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)

BOPG nº 595, do 15.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.



1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

- 60354 (11/PNP-004865)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado

BOPG nº 570, do 27.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda, como resolución:

1. Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete todos os poderes ao seu cumprimento.
3. Animar os dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española estea sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.»

- 61288 (11/PNP-004954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva

BOPG nº 585, do 25.10.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que:

1. Aprobe, con carácter inmediato, un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para empresas como a de Alcoa, que teñen un carácter electrointensivo.



2. Modifique o Estatuto dos consumidores electrointensivos para que a industria electrointensiva española compita en igualdade de condicións con respecto ao resto de industrias europeas.
3. Incremente a dotación orzamentaria máxima permitida pola normativa europea para a compensación dos custos indirectos por CO2 da industria electrointensiva.
4. Active canto antes mecanismos de interrompibilidade efectivos para reducir o prezo eléctrico da industria electrointensiva.
5. Impulse mecanismos que activen e posibiliten a contratación de PPA para as industrias electrointensivas, tal e como fixo a Xunta, o que favoreceu a sinatura de dous contratos PPA por parte de Alcoa con promotores de proxectos eólicos.
6. Manteña a bonificación de peaxes do 80 por cento.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 57950 (11/PNP-004663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual

BOPG nº 552, do 30.08.2023

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento ao artigo 7 da Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual, en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías, para avanzar na erradicación da violencia sexual.
2. Elaborar, antes de que remate o primeiro semestre do ano 2024, unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.
3. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á mocidade sobre o perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. A campaña, realizada para a súa difusión en todos os soportes, enviarase a todos os centros educativos galegos e aos concellos e estará dispoñible para calquera organización que a solicite.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno de España e lle solicite:



a) Garantir o cumprimento, por parte dos prestadores do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma, da obriga de aplicar sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.

b) Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a Internet que se poñan á venda en España inclúan control parental de forma predeterminada.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 58152 (11/PNP-004684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes BOPG nº 552, do 30.08.2023

Sométese a votación por puntos, co seguinte resultado:

Puntos 1 e 2: aprobados sen modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Puntos restantes: rexeitados por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno do Estado:

1. O mantemento dos 1.400 MW de evacuación da CT de carbón das Pontes no nó de transición xusta do concello das Pontes, e a convocatoria inmediata e urxente do concurso de transición xusta para a adxudicación de 700 MW dos grupos 3 e 4 deste nó de transición co mesmo procedemento empregado para adxudicar o acceso ao nó da CT de Andorra-Teruel, mantendo dispoñibles para o sistema os dous grupos restantes ata que non se garantan as condicións socioecómicas precisas para unha verdadeira transición coa execución dos proxectos alternativos de continuidade, momento en que a súa capacidade tamén será obxecto de concurso.

2. A convocatoria inmediata e urxente da Mesa de Transición Xusta das Pontes, coa participación de todos os seus integrantes e unha representación de Redeia como operador do sistema.»

Rexeitamento da iniciativa

- 61472 (11/PNP-004973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise de produción de castaña

BOPG nº 588, do 02.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.



- 61808 (11/PNP-005007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista

BOPG nº 591, do 08.11.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional: Día Mundial da Infancia 2023

“Cando se cumpren 34 anos da aprobación na Asemblea Xeral da ONU da Convención sobre os Dereitos do Neno, UNICEF Comité Galicia e a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia animan a conmemorar a celebración do Día Mundial da Infancia destacando os logros acadados, mais tamén lembrando que quedan grandes retos locais e globais que debemos abordar, que nos interpelean a nivel autonómico e local, para que os dereitos da infancia sexan unha realidade.

Atopámonos no ecuador da aplicación da Axenda 2030, e é un momento clave para facérmonos unha pregunta crítica: Canto nos falta para facermos realidade a visión dun mundo sustentable para todos?

Desde unha visión global e máis próxima, non se pode mirar cara a outro lado en cuestións como as cifras de pobreza infantil, os problemas de saúde mental e o fenómeno do acoso e do ciberacoso na sociedade actual.

De igual maneira, non nos poden ser alleos datos como que un de cada tres nenos do mundo carece de acceso a servizos básicos e que un de cada seis vive nunha zona de conflito. Ademais, case a metade da poboación infantil e adolescente vive en países moi expostos aos efectos adversos do cambio climático.

Nunha ollada máis próxima, o indicador AROPE sinala que un de cada catro nenos, nenas e adolescentes que viven en Galicia está en risco de pobreza ou exclusión social. Dentro deles, un dos colectivos infantís en situación de maior vulnerabilidade en Galicia son os preto de 2.300 nenos, nenas e adolescentes que están no Sistema de Protección da Xunta, sistema que xorde da obriga que teñen os poderes públicos de protexeren a infancia, apoiaren, acompañaren e complementaren, se for necesario, a pais e nais nas súas responsabilidades de crianza.



Con motivo do Día Mundial da Infancia, debemos tomar decisións firmes para garantir que, con independencia do lugar onde viva e de cal sexa a súa situación socioeconómica, ningún neno e ningunha nena quede atrás, e que cada un deles poida desenvolver o seu máximo potencial. É por iso polo que nos comprometemos a promover as seguintes accións que favorezan o cumprimento dos seus dereitos:

— Promover un maior e máis eficiente investimento na infancia, avanzando na coordinación e avaliación das políticas e programas e garantindo a dotación adecuada de recursos.

— Seguir impulsando políticas e accións protectoras priorizando a preservación familiar, para que as nenas, nenos e adolescentes vexan recoñecido o seu dereito a viviren nunha familia, sendo a primeira opción a da súa orixe.

— Apostar polo acollemento familiar como medida fundamental de protección cando non for posible a preservación familiar por non se daren as condicións necesarias, especialmente nos nenos e nenas menores de 6 anos, evitando a súa institucionalización.

— Intensificar os medios e recursos de que dispoñen os organismos públicos e as entidades sociais que velan polo benestar dos nenos, nenas e adolescentes que teñen que medrar sen o abeiro dunha familia.

— escoitar as preocupacións e necesidades de nenos, nenas e adolescentes, e abordalas dunha maneira transversal na acción política.

— Ter en conta, en todas as decisións tomadas no seo deste Parlamento, os principios reitores da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN, 1989) cun enfoque especial nos colectivos máis vulnerables. Dentro delas:

- Impulsar recursos de calidade e especializados, así como medidas para garantir a promoción, a prevención e a atención á saúde mental da infancia e adolescencia.

- Impulsar medidas económicas de apoio á crianza.

- Impulsar políticas de reforzo educativo que garantan o acceso equitativo e efectivo a unha educación de calidade.

- Promover a protección da infancia ante todo tipo de violencia: priorizando medidas preventivas e impulsando mecanismos para lograr contornos protectoras, con recursos suficientes e dun enfoque multidisciplinar.

- Potenciar medidas que melloren o benestar dos nenos, nenas e adolescentes do Sistema de Protección.

- Impulsar medidas para asegurar o dereito a un medio ambiente san para a infancia.

— Finalmente, reafirmar o compromiso para despregar accións e conseguir resultados en favor da infancia nun mundo con retos interrelacionados, fortalecendo a cooperación internacional para o desenvolvemento e prestando especial atención ás situacións de emerxencia.»

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do artigo 112 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **ANEXO ÁS EMENDAS** ao **Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024**.

CADRO CORRESPONDENTE Á Emenda nº...., de Adición. Artigo 4 bis Réxime aplicable ao Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do Imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas.

Texto emenda:

Artigo 4 bis. Réxime aplicable ao Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas

Engádese unha disposición transitoria terceira no Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. Réxime aplicable ao Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas

Mentres resulte de aplicación o Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas, creado polo artigo 3 da Lei 38/2022, do 27 de decembro, para o establecemento de gravames temporais enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito e pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas, e se modifican determinadas normas tributarias, queda suspendida a vixencia dos artigos 13 bis e 13 quater, relativos ao Imposto sobre o Patrimonio, sendo aplicable no seu lugar durante o devandito período o seguinte réxime:



Un. A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Tarifa			
<i>Base liquidable</i> <i>Ata euros</i>	<i>Cota íntegra</i> <i>Euros</i>	<i>Resto de base Liq.</i> <i>Ata euros</i>	<i>Tipo aplicable</i> <i>Porcentaxe</i>
0,00	0,00	167.129,45	0,20%
167.129,45	334,26	167.123,43	0,30%
334.252,88	835,63	334.246,87	0,50%
668.499,75	2.506,86	668.499,76	0,90%
1.336.999,51	8.523,36	1.336.999,50	1,30%
2.673.999,01	25.904,35	2.673.999,02	1,70%
5.347.998,03	71.362,33	5.347.998,03	2,10%
10.695.996,06	183.670,29	En adiante	3,50%

Dous. Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 50% do seu importe. Esta dedución reducirase no importe a pagar que derive da aplicación da normativa do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas para o mesmo exercicio sen que o resultado poida ser negativo.

No caso de que como consecuencia desta redución se esgotase o importe desta bonificación, reduciranse na contía necesaria as outras deducións autonómicas que resulten aplicables, sen que o resultado poida ser negativo.»

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 17/11/2023 17:55:39



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000028).**

Emenda nº1, ao apartado Dous bis), de Adición. Artigo 4

Engádese un novo apartado ao Artigo 4 "Tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais" do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 que modifica o artigo 14 do Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

Engádese o seguinte número ao artigo 4:

«Dous bis) Engádese o numero Nove ao artigo 14, coa seguinte redacción:


Artigo 14. Nove. Tipo de gravame aplicable á adquisición dun inmovible que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación

1. No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable á adquisición de inmovibles que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación será do 6%; cando se atopen nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16, o tipo de gravame aplicable será do 4%. O inmovible deberá ter o uso de vivenda ao remate das obras de rehabilitación.

2. Para os efectos do presente texto refundido, considéranse obras de rehabilitación as que reúnan os requisitos establecidos no artigo 20.Un.22.º B) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

3. Na escritura pública que documente a adquisición indicárase que o inmovible vai ser obxecto de inmediata rehabilitación. As obras de rehabilitación deberán estar rematadas nun prazo inferior a trinta e seis meses dende a data de pagamento do imposto. Para estes efectos, no prazo dos trinta días posteriores á finalización dos trinta e seis meses, o suxeito pasivo terá que presentar ante a Administración tributaria a licenza de obras e as facturas derivadas da rehabilitación con





desagregación por partidas, así como a documentación xustificativa do uso de vivenda. O incumprimento desta obriga determinará a perda do dereito ao tipo reducido.»

Emenda nº2, de Adición. Artigo 4 bis

Artigo 4 bis Réxime aplicable ao Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do Imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas.

Texto emenda:

Artigo 4 bis. Réxime aplicable ao Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas

Engádese unha disposición transitoria terceira no Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. Réxime aplicable ao Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas


Mentres resulte de aplicación o Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas, creado polo artigo 3 da Lei 38/2022, do 27 de decembro, para o establecemento de gravames temporais enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito e pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas, e se modifican determinadas normas tributarias, queda suspendida a vixencia dos artigos 13 bis e 13 quater, relativos ao Imposto sobre o Patrimonio, sendo aplicable no seu lugar durante o devandito período o seguinte réxime:

Un. A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

#CADRO NOVO ARTIGO 4 BIS#

Dous. Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 50 % do seu importe. Esta dedución reducirase no importe a pagar que derive da aplicación da normativa do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas para o mesmo exercicio sen que o resultado poida ser negativo.





No caso de que como consecuencia desta redución se esgotase o importe desta bonificación, reduciranse na contía necesaria as outras deducións autonómicas que resulten aplicables, sen que o resultado poida ser negativo.»

Emenda nº3, de Adición. Artigo 6 bis)

Engádesse un novo artigo 6 bis, ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, coa seguinte redacción:

"Artigo 6 bis. Modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:


«Disposición adicional quinta. Puntuación por probas superadas durante a coexistencia de procesos selectivos ordinarios e procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Para a determinación da puntuación á que se refire a letra a) do artigo 9, no caso de terse realizado probas selectivas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, aplicarase a puntuación máis beneficiosa para as persoas inscritas entre o proceso derivado da dita lei ou o derradeiro proceso selectivo convocado nese grupo, escala, especialidade ou categoría profesional.»

Dous. Modifícase o parágrafo cuarto do número 1 do artigo 14, que queda redactado como segue:

«As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dous días naturais desde á





posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.»"

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 7

Modifícase o artigo 7 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024

Asígnaselle o número Un ao texto inicial do artigo 7 e engádense os números dous e tres ao artigo 7 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, de xeito que o artigo 7 queda coa seguinte redacción:

“Artigo 7. Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo terceira. Competencia para a emisión dos documentos acreditativos da concorrencia da vulnerabilidade económica previstos nos artigos 439, 655 bis e 685 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil

Corresponde aos concellos a competencia para a emisión dos documentos acreditativos da concorrencia ou non da vulnerabilidade económica previstos nos artigos 439, 655 bis e 685 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil.

Dous. Engádese unha disposición adicional vixésimo cuarta, coa seguinte redacción.

«Disposición adicional vixésimo cuarta. Competencia para a declaración de zonas de mercado residencial tensionado reguladas na Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda

1. Corresponde ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia e previa solicitude do concello interesado, a declaración como zona de mercado residencial tensionado daqueles ámbitos territoriais nos concorran os supostos establecidos no artigo 18 da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda.

2. A declaración de zona de mercado residencial tensionada exixirá que, con carácter previo á presentación da correspondente solicitude ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o concello interesado constitúa unha mesa sectorial na



que se analizará a proposta municipal de declaración así como o proxecto de plan específico que inclúa as medidas correctoras e calendario de desenvolvemento das mesmas. Tamén se someterá á mesa sectorial a información á que se refiren as letras c), e) e f) do número 3. Na mesa sectorial haberán de estar representadas, en todo caso, os colexios profesionais ou asociacións de administradores de fincas, de axentes da propiedade inmobiliaria e de persoas promotoras de vivendas.

3. A solicitude municipal de declaración dunha zona como de mercado residencial tensionado deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Acordo do órgano municipal competente para solicitar a declaración da zona de mercado residencial tensionado no que se identifique o ámbito territorial afectado.
- b) Actas da mesa sectorial prevista no número 2, nas que se recollerán as análises e conclusións acadadas no seo da mesma.
- c) Xustificación da realización do procedemento preparatorio regulado no artigo 18.2.a) da Lei 12/2023, do 24 de maio mediante a aportación da información establecida no dito precepto.
- d) Xustificación da realización do trámite de información pública regulado no artigo 18.2.b) da Lei 12/2023, do 24 de maio. Xunto coa dita xustificación, e de acordo co indicado no citado precepto, haberá de aportarse a información sobre a que se basee a solicitude de declaración dunha zona como de mercado residencial tensionado, incluíndo os estudos de distribución espacial da poboación e fogares, a súa estrutura e dinámica, así como a zonificación por oferta, prezos e tipos de vivendas, ou calquera outro estudo que permita evidenciar ou prever desequilibrios e procesos de segregación socio espacial en detrimento de a cohesión social e territorial. Este trámite de información pública deberá ser, en todo caso, posterior á celebración da mesa sectorial prevista no número 2.
- e) Xustificación, de acordo co indicado no artigo 18.2.c) da Lei 12/2023, do 24 de maio, das deficiencias ou insuficiencias do mercado de vivenda na zona, en calquera das súas modalidades, para atender adecuadamente a demanda de vivenda habitual e, en todo caso, a prezo razoable segundo a situación socioeconómica da poboación residente e as dinámicas demográficas, así como as particularidades e características de cada ámbito territorial .
- f) Memoria xustificativa dos extremos indicados no artigo 18.3 da Lei 12/2023, do 24 de maio.
- g) Proxecto de plan específico que inclúa as medidas correctoras e calendario de desenvolvemento das mesmas.





4. O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como administración competente en materia de vivenda, poderá declarar a zona solicitada como zona residencial tensionada, previa comprobación da integridade e suficiencia da solicitude e da documentación aportada polo concello e, unha vez valoradas as circunstancias concorrentes, especialmente a incidencia da declaración na política autonómica de vivenda. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá recabar cantos informes considere necesarios para resolver.

A resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo que declare unha determinada zona como de mercado residencial tensionado deberá motivarse de acordo co establecido no artigo 18.2.c) da Lei 12/2023, do 24 de maio, e será comunicada á Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e notificada ao concello interesado. A resolución agotará a vía administrativa.

O concello interesado, no prazo de 2 meses, deberá aprobar o plan específico que conteña as medidas necesarias para a corrección dos desequilibrios evidenciados así como o calendario de desenvolvemento destas, de acordo co disposto no artigo 18.4 da Lei 12/2023, do 24 de maio, que deberá axustarse ao proxecto remitido coa solicitude.

Transcorridos seis meses dende a presentación da solicitude e a documentación recollida no número 3 sen que se tivese emitido resolución, o concello poderá considerar desestimada a súa petición aos efectos de permitir a interposición do recurso contencioso administrativo.

5. De acordo co disposto no artigo 18.2.d), a vixencia da declaración dunha zona como de mercado residencial tensionado será de tres anos podendo prorrogarse polo Instituto Galego de Vivenda e Solo anualmente seguindo o mesmo procedemento, cando subsistan as circunstancias que motivaron tal declaración e previa xustificación das medidas e accións públicas adoptadas para reverter ou mellorar a situación desde a anterior declaración. A dita prórroga deberá solicitarse expresamente polo concello interesado. “

Tres. Engádese unha disposición adicional vixésimo quinta, coa seguinte redacción.

“Disposición adicional vixésimo quinta. Réxime da vivenda protexida aos efectos do previsto na Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda

Aos efectos do previsto no artigo 16 e na disposición transitoria primeira da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda, o destino, réxime de ocupación, duración do réxime de protección e demais aspectos do réxime xurídico aplicable á





vivenda protexida en Galicia é o previsto na lexislación autonómica en materia de vivenda, con independencia de que o solo sobre o que se edifiquen as vivendas sexa ou non de reserva."

Emenda nº5, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 9

Modifícase apartado Nove do artigo 9 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, exclusivamente en relación ao apartado 2 do artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda coa seguinte redacción:

«2. Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística consonte o previsto no número anterior, as obras quedarán suxeitas ao réxime previsto no artigo 90.

No suposto de que falten por executar obras relativas aos revestimentos exteriores de paramentos e cubertas, a administración competente ordenará ás persoas propietarias que executen as obras necesarias para dar cumprimento ao previsto na alínea b) do número 1 do artigo 136. Estas obras executaranse integramente a costa das persoas propietarias, sen que resulte de aplicación o límite a que se refire o número 3 do artigo 136. En caso de incumprimento da orde, procederase consonte o previsto nos números 4 e 5 do artigo 136.»

Emenda nº6, de Adición. Artigo 13 bis

Engádese un novo artigo 13 Bis ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. Modificación do Decreto 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume

O Decreto 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de



17 NOV. 2023

Núm. 62435

ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume, queda redactado do seguinte xeito:

Un. Modifícase a alínea iii. da letra g) do apartado 4.4.4.3 do Anexo II, que pasa a ter a seguinte redacción:

«iii. O percorrido destas probas de carácter deportivo só poderá discorrer nas zonas de uso xeral e compatible, quedando totalmente prohibida na zona de reserva do parque natural. Tamén poderán ser autorizadas aquelas probas deportivas na zona de uso limitado cando seu percorrido discorra por pistas e camiños forestais e non supoña un deterioro significativo dos hábitats e especies, sen prexuízo dos permisos e autorizacións pertinentes dos propietarios dos terreos forestais.»

Dous. Suprímese a letra e) do apartado 4.5.2.3.1 do Anexo II.

Tres. Engádese unha letra u) ao apartado 4.5.2.3.2 do Anexo II, coa seguinte redacción:

«u) As probas de carácter deportivo e actividades recreativas fluviais.»

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 33

Modifícase o Artigo 33. "Efectos de acordo co Dereito da Unión Europea", do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 que quedará redactado como segue:

"Artigo 33. Efectos de acordo co Dereito da Unión Europea.

1. De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, polo que se establece un marco para acelerar o despregamento de enerxías renovables, e co establecido na Directiva (UE) 2023/2413, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de outubro, pola que se modifican la Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE) 2018/1999 e a Directiva 98/70/CE, no que respecta á promoción da enerxía procedente de fontes renovables e se derroga a Directiva (UE) 2015/652 do Consello, nos procedementos de autorización, construción e posta en funcionamento de parques eólicos de competencia autonómica, presumírase que se trata de proxectos de interese público superior e que contribúen á saúde e á seguridade públicas aos efectos previstos no artigo 3 do referido Regulamento e no artigo 16 septies da Directiva (UE)



2018/2001, relativa ao fomento ~~do uso de enerxía~~ procedente de fontes renovables.

2. O establecido no número anterior será aplicable a todos aqueles proxectos que non dispoñan de autorización, definitiva na vía administrativa, de posta en funcionamento antes do 30 de decembro de 2022, data de entrada en vigor do Regulamento UE) 2022/2577 do Consello, calquera que sexa a data de inicio dos procedementos administrativos de autorización ante a Administración Autonómica."

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 34

Modifícase o número 4 do artigo 34, que queda redactado como segue:

"4. Sen prexuízo do indicado no número anterior, a consellería competente en materia de **enerxía** establecerá un programa específico de seguimento dos efectos no medio ambiente dos parques eólicos en construción, de acordo co establecido na lexislación de avaliación ambiental para identificar con prontitude os posibles efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos."

Emenda nº9, ao apartado 1, 2 e 3, de Modificación. Artigo 34

Modifícase exclusivamente os números 1, 2 e 3 do Artigo 34. "Ponderación do interese público superior", do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 que quedan redactados como seguen (o número 5 continúa coa súa redacción orixinal)

""Artigo 34. Ponderación do interese público superior

1. A declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades nas que se basea, implica a presunción de que as indicadas actividades responden a ese interese público superior e contribúen á saúde e seguridade públicas, polo que a indicada presunción se terá en conta como



un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso no proceso de planificación, concesión de autorizacións e posta en funcionamento, salvo proba en contrario e sen prexuízo das normas que poidan determinar a ponderación doutros intereses para casos concretos.

2. En particular, a presunción indicada no apartado anterior terase en conta nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación, salvo cando existan probas que acrediten que os ditos proxectos teñen efectos adversos importantes sobre o medio ambiente e sobre a paisaxe que non poden mitigarse nin compensarse.

3. Aos efectos do establecido no número anterior, presumirase que a avaliación ambiental realizada resulta válida, de conformidade co establecido na lexislación de procedemento administrativo, e que na declaración de impacto ambiental se ten efectuado unha valoración adecuada dos efectos significativos do proxecto no medio ambiente e sobre a paisaxe, que as condicións establecidas nela determinan a adecuada protección dos factores enumerados no artigo 35.1 c) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como que son suficientes as medidas preventivas, correctoras e compensatorias establecidas, todo isto sen prexuízo da existencia de probas en contrario.

En particular, esta presunción estenderase á suficiencia das medidas do programa de vixilancia ambiental recollido na declaración, e do sistema que garanta o cumprimento das indicacións e das medidas previstas para previr, corrixir e, no seu caso, compensar os efectos adversos significativos do proxecto sobre o medio ambiente.””

Emenda nº10, ao apartado Doce, de Modificación. Artigo 36

Modifícase o apartado Doce do artigo 36 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 sobre a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactado como segue:

””Doce. Engádese unha disposición adicional novena, coa seguinte redacción:



«Disposición adicional novena. Consideración dos posibles efectos acumulativos e sinérxicos na avaliación de impacto ambiental de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica

1. Na avaliación de impacto ambiental que se realice nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica deberanse ter en conta, en particular, os posibles efectos significativos acumulativos e sinérxicos dos demais parques eólicos en funcionamento, en construción, con autorización administrativa, con declaración de impacto ambiental ou con informe de impacto ambiental, sobre os factores indicados no artigo 5.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, situados dentro da zona de influencia do proxecto, que compartan acceso, infraestruturas de evacuación e/ou outra infraestrutura asociada. Esta mesma regra aplicarase aos proxectos de instalacións de conexión dos parques eólicos de competencia autonómica cando se tramitasen de forma separada aos proxectos dos parques.

Para estes efectos, considerarase zona de influencia do proxecto aquela en que se manifesten os seus posibles efectos significativos.

Cando se trate de proxectos de parques eólicos en tramitación, o órgano ambiental, de conformidade co establecido na disposición adicional undécima da Lei 21/2013, do 9 de decembro, poderá acordar a acumulación de procedementos de avaliación de impacto ambiental, cando aprecie que existe identidade substancial ou íntima conexión entre eles.

2. Para permitir a análise do indicado no número anterior, os estudos de impacto ambiental ou os documentos ambientais que elaboren os promotores dos distintos proxectos deberán incluír no seu contido unha análise específica dos indicados efectos acumulativos ou sinérxicos, de acordo co indicado nos artigos 35.1.c) ou 45.1.e) da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

3. O indicado no número 1 en canto á avaliación ambiental dos posibles efectos significativos acumulativos e sinérxicos, á compartición de accesos e infraestruturas, e á eventual acumulación das avaliacións de impacto ambiental, non obsta para a consideración da autonomía de cada proxecto de parque eólico para efectos da súa autorización independente, atendendo á definición de parque eólico recollida no artigo 2.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Para estes efectos, para a autorización independente de cada parque eólico, e sen prexuízo do disposto no número 1 desta disposición, teranse en conta o carácter unitario de cada



parque e a súa consideración autónoma e independente, sempre que teña capacidade de funcionamento separado, aínda que comparta infraestruturas con outros parques de acordo co indicado na normativa estatal do sector eléctrico.

Tampouco afectará á autonomía e independencia de cada parque, nos termos indicados, o feito de que poidan existir nas súas proximidades outros parques promovidos polo mesmo promotor, sempre que se xustifique que iso vén determinado por un uso racional das posibilidades de explotación ofrecidas polo terreo.

Así mesmo, non afectará á autonomía e independencia dos parques e á súa posible tramitación e autorización independente a posible tramitación e autorización separada dos proxectos relativos ás súas instalacións de conexión.

4. En ningún caso se autorizará un fraccionamento de proxectos nos termos definidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, que teña por obxecto evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria dos proxectos resultantes, por ser estes inferiores aos umbrais establecidos no seu anexo I.

De conformidade co establecido na letra n) da parte B) do anexo VI da Lei 21/20213, do 9 de decembro, non poderá entenderse que existe fraccionamento de proxectos cando os proxectos se sometan individualmente a avaliación de impacto ambiental ordinaria por superar os umbrais fixados no seu anexo I. Esta conclusión non se verá alterada por o feito de que os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria compartan determinadas infraestruturas, sempre que teñan capacidade de funcionamento separado.

A Administración autonómica promoverá, no marco das súas competencias, a compartición e utilización conxunta das infraestruturas dos proxectos de parques eólicos por resultar máis favorable desde o punto de vista medio ambiental.

5. O disposto nesta disposición en canto á posible tramitación e autorización independente de cada parque eólico cando teña capacidade de funcionamento separado, aínda que comparta infraestruturas con outros parques, e en canto á apreciación de existencia de fraccionamento, será aplicable aos proxectos de parques eólicos que no momento da entrada en vigor desta disposición non estiveran resoltos de forma definitiva na vía administrativa."

Emenda nº11, ao apartado Dez, de Modificación. Artigo 38

Modifícase o apartado Dez do artigo 38, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, relativo



ao Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que quedará redactado como segue:

<<"Disposición adicional sétima. *Proxectos de aproveitamento de recursos naturais*

1. As persoas promotoras de proxectos de aproveitamento de recursos naturais poderán solicitar a inclusión destes proxectos no plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais previsto no capítulo II do título II deste texto refundido, ou ben a declaración como proxectos industriais estratéxicos, de acordo co capítulo III do título III, sempre que cumpran todos os requisitos establecidos para cada unha das tipoloxías. **Para o caso de que estes proxectos sexan declarados proxectos industriais estratéxicos, o procedemento de autorización seguirá sendo o que lle corresponda de acordo coa súa normativa sectorial, polo que os efectos da declaración serán unicamente os establecidos no artigo 79.4.**

2. Nos casos previstos no número anterior, as funcións de asesoramento, acompañamento, impulso e aceleración dos proxectos industriais realizaranse de forma coordinada entre o centro directivo competente en materia de industria e o centro directivo competente en materia de planificación enerxética e recursos naturais.">>

Emenda nº12, ao apartado Doce, de Modificación. Artigo 38

Modifícase o apartado Doce do Artigo 38 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 relativo ao Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial

O apartado 2 da Disposición transitoria que queda redactada como segue:

<<"2. Os proxectos de interese autonómico de carácter industrial tramitados de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán



17 NOV. 2023

Núm. 62435

solicitar a súa inclusión no plan de ~~autonómico de impulso e~~
aceleración de proxectos industriais, aos únicos efectos do
establecido no artigo 71 deste texto refundido.">>

Emenda nº13, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 38

Modifícase o apartado Nove do Artigo 38 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 exclusivamente no referido ao artigo 83 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que quedará redactado como segue:

(O resto dos artigos deste apartado Nove continúan coa súa redacción orixinal)

<<"Artigo 83. Infraestruturas esenciais dos proxectos industriais
estratéxicos

1. No procedemento de declaración dun proxecto como proxecto industrial estratéxico, ou **no procedemento de aprobación do proxecto, deberá estar xustificada**, se é o caso, a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos necesarios para a aprobación das súas infraestruturas esenciais.
 2. O procedemento previsto no artigo 80 para a aprobación dos proxectos industriais estratéxicos poderá aplicarse, se é o caso, para a aprobación sucesiva destas infraestruturas esenciais.">>
-

Emenda nº14, ao apartado Oito, de Modificación. Artigo 38

Modifícase o apartado Oito, do artigo 38 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 relativo ao Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial



<<"5. O procedemento de aprobación destes proxectos será o previsto no artigo 80, agás que non procederá a presentación da documentación prevista no artigo 80.1.f) en relación ao solo onde se vai implantar o proxecto.

Os efectos desta aprobación serán os establecidos **no artigo 81.2**, sen prexuízo dos efectos específicos que se deduzan da normativa sectorial que sexa de aplicación ao proxecto.">>

Emenda nº15, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 39

Modifícase o apartado Tres do Artigo 39 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 relativo á Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, número 3, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 que quedará redactado como segue:

"Tres. Engádese unha disposición transitoria sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. Procedementos en tramitación de iniciativas empresariais prioritarias

1. Poderán ser declaradas como iniciativas empresariais prioritarias aquelas solicitadas antes do 1 de xaneiro de 2024 que cumpran os requisitos do artigo 42. O procedemento de declaración será o establecido no artigo 43, e terá os efectos previstos no artigo 44.

Así mesmo, as iniciativas empresariais prioritarias declaradas antes do 1 de xaneiro de 2024 manterán os efectos da súa declaración, de acordo co previsto no artigo 44.

O establecido nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo da súa posible transformación noutras figuras de axilización administrativa previstas na normativa en materia de industria.

2. Non obstante, no caso de que, transcorridos cinco anos desde a declaración, as iniciativas empresariais prioritarias non finalizasen a tramitación administrativa necesaria para a súa implantación, perderán os efectos da dita declaración. »"

Emenda nº16, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 43



Modifícase o apartado Un do Artigo 43 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 sobre a Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia que queda redactado como segue:

<<Un. Modifícase o número 1 do artigo 24, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Cada cámara terá un secretario/a xeral retribuído/a, que conte cunha licenciatura ou titulación universitaria de grado ou equivalente.»>>

Emenda nº17, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 47

Engádese un novo apartado ao Artigo 47 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024 Modificación da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia

«Tres bis). Engádese un número 3 á Disposición transitoria sétima, co seguinte contido:

3. As máquinas que, a partir da entrada en vigor desta lei, pasen a situación de non instaladas poderán permanecer nesa situación ata que o futuro regulamento desenvolva as causas xustificadas ás que fai referencia o artigo 14.7. En ningún caso o número de autorizacións de instalación e localización dunha mesma empresa poderá ser superior ao número de autorizacións de explotación que a dita empresa teña concedidas.»

Emenda nº18, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 50

Modifícase o apartado Tres do artigo 50 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, no tocante ao apartado 4 do Artigo 44 bis da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración



xeral e do sector público autonómico de Galicia, que quedará redactado como segue:

«Artigo 44 bis. Procedemento de tramitación urxente de iniciativas normativas

[...]

4. Na fase intermedia aplicaranse as seguintes especialidades:

a) Só se considerarán preceptivos os informes económico-financeiro da consellería competente en materia de facenda, o informe sobre o impacto por razón de xénero, o informe da consellería ou consellerías con competencia en materia de administracións públicas e emprego público, previsto no artigo 42.7, así como o informe tecnolóxico e funcional previsto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así mesmo darase traslado do texto proxectado ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, para que formule, no seu caso, as súas observacións. Estes trámites deberán ser solicitados todos eles simultaneamente e deberán evacuados en todo caso no prazo de 10 días hábiles. No caso de que estes informes non sexan emitidos no prazo indicado deberá continuarse o procedemento, sen prexuízo de que se incorporen ao mesmo e da súa consideración antes da aprobación definitiva do proxecto cando sexan emitidos.

Só se solicitarán outros informes ou ditames distintos dos expresados neste apartado cando sexan preceptivos en virtude dunha norma **autonómica** con rango de lei. Estes informes ou ditames solicitaranse tamén de forma simultánea, xunto cos informes previstos neste apartado, e os prazos legais de emisión reduciranse á metade. No caso de que estes informes no sexan emitidos no prazo indicado será aplicable o previsto no parágrafo anterior.


O disposto no parágrafo anterior, enténdese sen prexuízo do que estableza a normativa estatal respecto dos informes ou ditames que no seu caso sexan exixibles.

[...]»

Emenda nº19, de Substitución. Artigo 51

Modifícase o artigo 51 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, relativo á Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para engadir os números Catro e Cinco coa seguinte redacción:





«Catro. Engádesse un novo capítulo IV no título II, que queda redactado coma segue:

«CAPITULO IV

Mecanismos externos de comunicación de informacións e de protección da persoa informadora na Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 51 quinquies. Ámbito de aplicación

1. As previsións contidas neste capítulo serán de aplicación:

- a) Á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do seu sector público.
- b) Ás entidades que integran a Administración local no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Ás universidades do Sistema Universitario de Galicia e ás entidades vinculadas ou dependentes delas.
- d) Ao Parlamento de Galicia, ao Consello Consultivo, ao Valedor do Pobo, ao Consello de Contas, ao Consello Económico e Social, ao Consello Galego de Relacións Laborais e ao Consello da Cultura Galega.

2. Así mesmo, tamén serán de aplicación ás entidades do sector privado na medida en que as informacións ou feitos comunicados se circunscriban de xeito exclusivo ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 51 sexies. Creación da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante

1. Créase a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, que se adscribe ao Valedor do Pobo. Exercerá as súas funcións con plena autonomía e independencia, sen que en ningún caso poida recibir indicacións ou instrucións de calquera órgano, autoridade pública ou entidade privada.

Calquera persoa física poderá informar ante a Autoridade de Protección da Persoa Informante deste artigo da comisión das accións ou omisións previstas no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, de protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción que afecten ás entidades previstas nos números 1 e 2 do artigo 51 quinquies.

2. Na xestión destas comunicacións respectaranse todas as garantías procedimentais e de protección e apoio á persoa informante, así como todos os dereitos das persoas afectadas polas informacións previstas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

3. De acordo co previsto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, as canles internas no sector público e privado de Galicia terán a consideración de preferentes para informar sobre as accións ou omisións normativas, sempre que se poda tratar de xeito efectiva a infracción e se o denunciante considera que non



existe risco de represalia, sen prexuízo da posibilidade de acudir directamente á canle externa.

4. A Autoridade réxese polo disposto na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, no que lle resulte de aplicación, no disposto na presente lei e na correspondente normativa de desenvolvemento.

Artigo 51 septies. Composición e funcións da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante

1. A Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, é un órgano colexiado constituído da seguinte forma:

-Presidencia: a persoa titular do Valedor do Pobo.

-Persoas vogais: a persoa titular da consellería maior do Consello de Contas, a persoa titular da presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais, a persoa titular da secretaria xeral do Valedor do Pobo, a persoa titular da secretaria da Comisión da Transparencia, que exercerá as funcións de Secretario, con voz e voto.

As persoas titulares poderán designar persoas suplentes. Os nomes das persoas titulares e suplentes deben figurar no portal de transparencia e na páxina web da Autoridade.

2. A Autoridade poderá valerse nos debates das sesións plenarias do asesoramento de persoal técnico das institucións que compoñen o pleno, cando o considere de utilidade para a aportación do seu criterio sobre as materias obxecto de debate.

3. A Autoridade exercerá as seguintes funcións:

a) A adopción das medidas de protección previstas na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, no seu ámbito de competencias.

b) A xestión da canle externa de comunicacións.

c) A instrución e decisión relativas as informacións e comunicacións prevista na Lei 2/2023, de 20 de febreiro.

d) A tramitación e resolución dos procedementos sancionadores e imposición de sancións polas infraccións de acordo coa Lei 2/2023, de 20 de febreiro.

e) O fortalecemento da cultura da información, dos mecanismos de promoción e defensa da integridade das organizacións e o fomento da cultura da información ou comunicación como mecanismo para previr e detectar ameazas en materia de fraude ou corrupción.

f) A aprobación de normas de organización e funcionamento.

g) A elaboración e aprobación dun Informe Anual sobre a actividade da Autoridade, que se incluírá no presentado anualmente polo Valedor do Pobo ante o Parlamento de Galicia, debidamente separado. Conterá, polo menos, o número e natureza das comunicacións presentadas, as que foron obxecto de investigación, o seu resultado e o número de procedementos abertos.



h) As demais funcións que prevexa a Lei 2/2023, de 20 de febreiro, sempre que se refiran ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A Autoridade actuará con separación das súas funcións respecto das outras que corresponden ao Valedor do Pobo ou aos seus órganos adscritos. Porén, disporá dos medios persoais e materiais desta institución e dos que se poidan crear de acordo coa presente lei.

Artigo 51 octies. Funcións do Pleno e da persoa titular da presidencia da Autoridade

1. Corresponden ao Pleno da Autoridade as funcións previstas nas letras e) e g) do anterior artigo; no relativo ás definidas na letras c), o trámite de admisión e a decisión sobre terminación das actuacións, de acordo coa lexislación básica; e no relativo á letra d), a resolución dos procedementos sancionadores.

2. Corresponden á persoa titular da presidencia da Autoridade as funcións previstas nas letras a), b) f) e h) do anterior artigo; no relativo ás definidas na letra c), a instrución, de acordo coa lexislación básica; e no relativo á letra d), a incoación dos procedementos sancionadores e a garantía da separación funcional entre a fase instrutora, que corresponderá ao persoal técnico da Autoridade, e a resolutoria, que corresponderá ao Pleno.

Artigo 51 nonies. Colaboración coa Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante

1. Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo prestarán a colaboración necesaria á Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante para o correcto desenvolvemento das súas funcións, facilitando a información que lles solicite no seu respectivo ámbito competencial.

2. A Autoridade poderá solicitar valoracións periciais ou técnicas sobre os feitos contidos nas informacións ou comunicacións ao sector público autonómico ou local ou aos órganos estatutarios cando podan achegalos pola súa competencia na materia obxecto da instrución. Deberán achegarse no prazo dun mes dende a súa solicitude.

Artigo 51 decies. Réxime do persoal

O persoal ao servizo da Autoridade integrarase na relación de postos de traballo do Valedor do Pobo, aprobada pola Mesa do Parlamento de Galicia a proposta do Valedor do Pobo. O Valedor do Pobo poderá nomear, para o exercicio das funcións previstas neste capítulo, persoal asesor adicional ao establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, con respecto dos límites orzamentarios e progresivamente en función da carga de traballo.»



Cinco. Engádese unha nova disposición adicional oitava, que queda redactada coma segue:

«Disposición adicional oitava. Denominacións institucionais con perspectiva de xénero

As referencias que se conteñen no Capítulo IV do Título II desta lei ao Valedor do Pobo deberán entenderse referidas tamén, no seu caso, á Valedora do Pobo.»

Emenda nº20, de Adición. Disposición adicional terceira

Engádese unha nova Disposición adicional quinta ao proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. Comezo do exercicio das funcións da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante

1. A Autoridade comezará o exercicio das súas funcións aos 10 meses da entrada en vigor da presente lei.

2. Namentres, o Valedor do Pobo aprobará ou impulsará as medidas necesarias para dotar á Autoridade dos medios persoais e materiais precisos para o exercicio das súas funcións. A estes efectos habilitase ao Valedor do Pobo para aprobar ou impulsar as ditas medidas.


3. Para o financiamento dos medios precisos, no exercicio 2024 o Valedor do Pobo poderá habilitar recursos do seu remanente, previa autorización da Mesa do Parlamento de Galicia. Ao finalizar dito exercicio o gasto deberá atoparse consignado nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, na sección correspondente ao Valedor do Pobo.»

Emenda nº21, de Adición. Disposición adicional terceira bis

Engádese unha nova Disposición adicional cuarta ao proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, coa seguinte redacción:

«Nova Disposición adicional: Aplicación dos criterios do artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, ás actuacións de reposición da legalidade competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de





Galicia e das entidades públicas instrumentais dos sector público autonómico

O disposto no parágrafo segundo do artigo 153.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na redacción dada por esta lei, é de aplicación a todas as actuacións de reposición da legalidade competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais dos sector público autonómico que afecten a obras executadas sen o título habilitante esixible segundo a lexislación aplicable ou incumprindo as condicións sinaladas neste.»

Emenda nº22, de Substitución. Disposición transitoria segunda

Modifícase a disposición transitoria segunda do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. Procedementos de reposición da **legalidade** en tramitación ou non finalizados por resolución firme en vía administrativa

A nova redacción dada ao artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, será de aplicación aos procedementos de reposición da **legalidade** que se atopen en tramitación na data de entrada en vigor desta lei ou nos que recaese resolución administrativa que na data indicada aínda non sexa definitiva na vía administrativa.»

Emenda nº23, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Modifícase a Disposición final primeira do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, que pasa a ter a seguinte redacción:

(Esta emenda está condicionada a que se acepte a adición, dos novos artigos 6 bis e 13 bis do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024.)

«Disposición final primeira. Modificacións regulamentarias
As previsións contidas nos seguintes decretos, que son obxecto de modificación por esta lei, poderán ser modificadas



por norma do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran:

a) **Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.**

b) Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

c) Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

d) Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

e) Decreto 42/2015, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Consello Galego de Economía e Competitividade.

f) Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos.

g) Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.


h) Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.

i) Decreto 24/2022, do 3 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan Reitor de uso e xestión do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

j) Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

k) **Decreto 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.»**





Emenda nº24, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Modifícase a disposición final terceira do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2024, relativa á entrada en vigor, que pasaría a ter a seguinte redacción:

« Disposición final terceira. Entrada en vigor

1. Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2024.
2. Exceptúase do disposto no número anterior e producirán efectos desde o 1 de xaneiro de 2023:
 - a) A dedución para familias con fillos e fillas, regulada no artigo 5.Tres do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, na nova redacción dada polo artigo 3.Un desta lei.
 - b) b) a disposición transitoria terceira do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo introducida polo artigo 4 bis desta lei.»



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000028).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1 bis

Engadir un novo artigo 1 bis co seguinte texto:

“Artigo 1 bis. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Modifícase o artigo 4 do Decreto Legislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, que queda redactado como segue:

Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

BASE LIQUIDÁBEL ATA EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATA EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
0	0	13.200	9,00
13.200	1.188,00	8.200	11,65
21.400	2.143,30	8.000	14,90
29.400	3.335,30	7.900	15,50
37.300	4.559,80	10.300	20,00
47.600	6.619,80	12.400	21,50
60.000	9.285,80	40.000	23,00
100.000	18.485,80	En diante	24,50

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1 ter

Engadir un novo artigo 1 ter co seguinte texto:



“Artigo 1 ter. Mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Substitúese o artigo 4 bis do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, polo seguinte:

Artigo 4 bis. Mínimo persoal e familiar

As contías correspondentes aos mínimos do contribuínte, por descendentes, por ascendentes e por discapacidade establecidos nos artigos 57, 58, 59 e 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e de modificación parcial das Leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, quedan fixados nos seguintes importes:

1. O mínimo do contribuínte regulado polo artigo 57 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

- a) Con carácter xeral, 5.885 euros anuais
- b) Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, o mínimo se aumentará en 1.220 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo se aumentará adicionalmente en 1.485 euros anuais.

2. O mínimo por descendentes regulado polo artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

- a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:
 - 1.º 2.545 euros anuais polo primeiro descendente.
 - 2.º 2.865 euros anuais polo segundo descendente.
 - 3.º 4.240 euros anuais polo terceiro descendente.
 - 4.º 4.770 euros anuais polo cuarto descendente e seguintes.
- b) Cando o descendente sexa menor de tres anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarase en 2.970 euros anuais.

3. O mínimo por ascendentes regulado no artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

- a) No suposto previsto no apartado 1 do artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, 1.220 euros anuais.
- b) Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarse en 1.485 euros anuais.

4. O mínimo por discapacidade regulado no artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

- a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:
 - 1.º 3.180 euros anuais cando o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade e de 9.540 euros anuais cando o



contribuínte acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

2.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais.

b) Nos supostos previstos no apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 3.180 euros anuais por cada unha dos ascendentes ou descendentes con discapacidade.

2.º 9.540 euros anuais por cada unha das persoas ascendentes ou descendentes cando acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

3.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais.”

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1 quater

Engadir un novo artigo 1 quater co seguinte texto:

“Artigo 1 quater. Imposto sobre Patrimonio.

Suprímese a totalidade do Artigo 13 quater. -Bonificación na cota íntegra- do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo.”

Emenda nº4, de Adición. Artigo 1 quinquies

Engadir un novo artigo 1 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 1 quinquies. Imposto sobre o Patrimonio.

Modifícase o Artigo 13 - Mínimo exento- do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, cuxa redacción queda como segue:

Artigo 13. Mínimo exento.



O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 300.000 euros."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 1 sexies

Engadir un novo artigo 1 sexies co seguinte texto:

"Artigo 1 sexies. Modifícase o artigo 13 bis -Cota íntegra- do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, que queda redactado como segue:

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
0	0	167.129,45	0,30
167.129,45	501,39	167.123,43	0,60
334.252,88	1.504,13	334.246,87	1,00
668.499,75	4.846,60	668.499,76	1,80
1.336.999,51	16.879,59	1.336.999,50	2,60
2.673.999,01	51.641,58	2.673.999,02	3,40
5.347.998,03	142.557,55	5.347.998,03	4,20
10.695.996,06	367.173,46	En diante	5,00

Emenda nº6, de Adición. Artigo 1 septies

Engadir un novo artigo 1 septies co seguinte texto:

"Artigo 1 septies. Suprímese o apartado 4 do artigo 20. Tres, do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo."



Emenda nº7, de Adición. Artigo 1 octies

Engadir un novo artigo 1 octies co seguinte texto:

“Artigo 1 octies. Imposto sobre Sucesións e Doazóns.
Modifícase a letra b) do número dous do artigo 6 do Decreto
Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto
Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma
de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado. A nova
redacción queda como segue:

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21
anos ou mais, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000
euros.”

Emenda nº8, de Adición. Artigo 5 bis

Engadir un novo artigo 5 bis co seguinte texto:

“Artigo 5 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.
Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade
Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies
comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais
que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500
m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os
establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria
industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de
xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia
económica e social singulares dos establecementos comerciais
que desenvolven a súa actividade en grandes superficies,
atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais
que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de
grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou
xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa
ou non situado nun centro comercial colectivo.



Cinco. A base impositiva do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

Emenda nº9, de Adición. Artigo 5 ter

Engadir un novo artigo 5 ter co seguinte texto:

“Artigo 5 ter. Imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión.

Un. Obxecto do imposto

O imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito impositivo

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito impositivo do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano



medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Imponible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo
Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”

Emenda nº10, de Adición. Artigo 5 quater

Engadir un novo artigo 5 quater co seguinte texto:

“Artigo 5 quater. Imposto sobre as vivendas baleiras.

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.



Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.



Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario téñao documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades

poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta

tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.



- b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.
- c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas de aluguer social de vivenda.
- d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou pola tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”

Emenda nº11, de Adición. Artigo 5 quinquies

Engadir un novo artigo 5 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 5 quinquies. Canon eólico.

Os artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, quedan substituídos polos que seguen:

Artigo 14. Base imponible.



1. Constitúe a base impositiva a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de parques eólicos que se estendan máis alá do límite territorial da comunidade autónoma, a base impositiva estará constituída pola suma das potencias unitarias nominais de unidades de aerogeradores instalados no territorio galego.

3. Para a determinación da base impositiva teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devengo. No caso de que o número de aerogeradores varíe ao longo do período impositivo, a base impositiva calcularase prorrateando por días o período de explotación de cada aerogenerador respecto ao total do número de días do ano natural.

Artigo 15. Tipo de gravame e cota tributaria.

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impositiva dos seguintes tipos de gravame anuais:

-En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 3 megawatts: 0 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 15 megawatts e igual ou superior a 3 megawatts: 2.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 25 megawatts e igual ou superior a 15 megawatts: 5.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 35 megawatts e igual ou superior a 25 megawatts: 7.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior ou igual a 50 megawatts e igual ou superior a 35 megawatts: 10.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa superior a 50 megawatts: 12.500,00 euros por megawatt.

2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 16. Bonificacións na cota



1. Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciamento teña lugar unha redución efectiva das unidades aeroxeradoras, a contía da cota que debe satisfacerse terá unha redución do 15% durante os cinco primeiros anos de funcionamento do parque repotenciado.
2. Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento será necesaria a comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración da comunidade autónoma e a acreditación efectiva da redución das unidades de aeroxeradores.
3. A consellaría competente en materia de enerxía establecerá o procedemento para o recoñecemento da bonificación.”

Emenda nº12, de Adición. Artigo 5 sexies

Engadir un novo artigo 5 sexies co seguinte texto:

“Artigo 5 sexies. Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

O punto 1 do artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, queda substituído polo que segue:

A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 2.400 € por hm³, á base imponible.”

Emenda nº13, de Adición. Artigo 5 septies

Engadir un novo artigo 5 septies co seguinte texto:

“Artigo 5 septies. Modifícase o apartado g) do número 2 do artigo 40, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza, que queda redactado como segue:

g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha



bonificación do 100% no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.

Para aquelas concesións ou autorizacións nas que se realice a construción de embarcacións empregando os métodos construtivos establecidos no Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, ou se realicen labores de reparación e conservación destas embarcacións ou daquelas inscritas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza, será de aplicación unha bonificación do 90% os terreos, lámina de auga, obras e instalación. Para poder aplicar a bonificación será necesario que a persoa titular da concesión ou autorización achegue acreditación emitida polo órgano de xestión, definido no punto 1 do ANEXO II do Decreto 52/2019, que na instalación se realizan maioritariamente os procesos construtivos declarados B.I.C. polo dito Decreto e contar dentro do seu cadro de persoal un Mestre carpinteiro de ribeira e de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza.”

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2023 17:37:31



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000028).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1 bis

Engádesse un artigo 1 *bis*, que quedará redactado co seguinte contido:

"Modifícase o artigo 4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas

A escala autonómica aplicable a base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0,00	0,00	12.895,35	9,00 %
12.985,35	1.186,68	8.083,25	11,65 %
21.068,60	2.110,38	6.931,40	14,90 %
28.000,00	3.143,16	7.200,00	16,00 %
35.200,00	4.295,16	12.400,00	18,50 %
47.600,00	6.589,16	12.400,00	21,00 %
60.000,00	9.193,16	20.200,00	23,50 %
80.200,00	13.940,16	19.800,00	24,50 %
100.000,00	18.791,16	En diante	25,00 %"



Emenda nº2, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 4

Debe substituírse o punto Un do artigo 4 que quedará redactado co seguinte contido:

"Modifícase o artigo 14 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

Un. Tipo de gravame xeral:

Con carácter xeral, nas transmisións de inmobles, así como na constitución e na cesión de dereitos reais que recaian sobre os mesmos, excepto os dereitos reais de garantía, a cota tributaria obterase aplicando sobre a base liquidable o tipo de gravame que resulte da seguinte tarifa atendendo o valor íntegro do ben ou dereito, con independencia de que a transmisión, constitución ou cesión obxecto de gravame non se realice sobre a totalidade do mesmo valor do ben o dereito tipo aplicable entre 0 y 300.000 euros 8 % e 300.000 euros en diante 9 %"

Emenda nº3, de Adición. Artigo 4 bis Un

Adición dun artigo 4 *bis* Un que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 *bis* Un. Eliminación da bonificación do imposto sobre o patrimonio

Modifícase o artigo 13 quater do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 quater. Bonificación na cota íntegra
Sobre a cota íntegra do imposto non se aplicará bonificación do 25 % nin do 50 % do seu importe»."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 4 bis Dous

Adición dun novo artigo 4 *bis* Dous, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 *bis* Dous.



Modifícase o artigo 13 do Texto Refundido das disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado co seguinte contido:

1. O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 4 bis Tres

Adición dun novo artigo 4 bis Tres, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 bis Tres.

"Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

1. A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm³, á base imponible.
 2. De acordo co establecido no artigo 4 desta lei, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.
 3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."
-

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 4 bis Catro

Adición dun novo artigo 4 bis Catro, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 bis Catro.

Suprímense os cambios feitos a través do Artigo 7 da Lei 7/2022, do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas, sobre o tipo de gravame da taxa fiscal sobre o xogo do bingo."



Emenda nº7, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo punto Catro *bis* no artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"Catro *bis*. Modifícase o artigo 75 c) que queda redactado como segue:

«c) Promoción interna vertical, que consiste no ascenso dende un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, sen que necesariamente sexa do grupo ou subgrupo inmediatamente inferior, a outro superior, conforme ao establecido nesta sección.»"

Emenda nº8, ao apartado Catro ter), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo punto Catro *ter* no artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido.

"Catro *ter*. Engádese no número 2 do artigo 76, xusto ao final da primeira frase, despois de: "...se determinen...", o seguinte texto: "procedendo ao seu desenvolvemento regulamentario nas bases das convocatorias."

Emenda nº9, ao apartado Catro quater), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo punto Catro *quater* no artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"Catro *quater*. Modifícase no número 2 do artigo 80 o primeiro parágrafo, coa seguinte redacción:

Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos e escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderán participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos e escalas do grupo A, sen necesidade de pasar polo subgrupo A2, de acordo coa regulación establecida no artigo 18 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa promoción interna."

Emenda nº10, ao apartado Catro quinquies), de Adición. Artigo 6



Adición dun novo punto Catro *quinquies* no artigo 6 que quedará redactado co seguinte contido:

"Catro *quinquies*. Engádese un número 6 ao artigo 80, coa seguinte redacción:

Por necesidades do servizo e nos supostos e baixo os requisitos que aos efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira ou temporal, e con carácter voluntario, unha promoción interna temporal con funcións correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación e acordo nas mesas correspondentes. Durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o interesado manterase en servizo activo na súa categoría de orixe, e percibirá as retribucións correspondentes ás funcións efectivamente desempeñadas, con excepción dos trienios, que serán os correspondentes ao seu nomeamento orixinal. O exercicio de funcións en promoción interna temporal non suporá a consolidación de ningún dereito de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento e terá o mesmo límite temporal de duración que os nomeamentos de persoal funcionario interino de acceso libre e coa mesma obriga de inclusión de ditas prazas na oferta pública de emprego na quenda de promoción interna separada."

Emenda nº11, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 6

Modificación do segundo parágrafo do punto Seis do artigo 6, que queda redactado co seguinte contido:

"Con todo, ao facer os 18 anos, poderase recoñecer o dereito á redución de xornada ata que a persoa ao seu cargo cumpra os 25 anos, sempre que no momento da solicitude acredítense os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores, agás a idade. Así mesmo, manterase o dereito a esta redución de xornada ata que a persoa ao seu cargo cumpra 30 anos se, antes de alcanzar os 25 anos, acredítase, ademais, un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento."

Emenda nº12, ao apartado Sete bis), de Adición. Artigo 6



Adición dun novo punto Sete *bis* no artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"Sete *bis*. Modifícase o artigo 111 que queda redactado como segue:

O persoal funcionario ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais e outras probas definitivas de actitude, así como para concorrer a probas selectivas no ámbito do emprego público, abarcando a duración deste permiso os días da súa celebración. No termo exames finais está incluídos tamén os parciais que sexan liberatorios dunha parte do programa ou materia. Os exames finais ou probas de aptitude deberán estar convocados por centros e/ou institucións oficiais. O permiso abarcará todo o día no que se realicen as probas e cando a persoa interesada tivera que realizar desprazamento dende a localidade da súa residencia habitual ata a da realización da proba para concorrer ás mesmas, o permiso ampliarase, si é necesario, no tempo necesario para as viaxes de ida e volta. Deste xeito incorpórase o disposto no artigo 6 da Orde de 29 de xaneiro de 20216, pola que se regula o réxime de permisos, licencias e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG número 30, do 15 de febreiro de 2016)."

Emenda nº13, ao apartado Dez *bis*), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo punto Dez *bis* no artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dez *bis*. Modifícase no número 1 do artigo 124 o seguinte texto, onde di: "...dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas..." debe dicir: "...dereito a un permiso retribuído de vinte dúas semanas..."

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 14

Supresión do artigo 14

Emenda nº15, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 16

Eliminar todo o texto do terceiro e último parágrafo da alínea a) do punto Cinco do artigo 16.

Suprimir dende: "Cando se trate..." ata "...parágrafo anterior".



Emenda nº16, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 16

Adición no punto Cinco do artigo 16 do seguinte contido.
No primeiro parágrafo despois de: "...instrumento de planificación, ordenación ou xestión.", engadir o texto: "...En todo caso, terá que contar coa autorización expresa dos titulares dos montes."

Emenda nº17, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 16

Adición ao fina da alínea a) do punto Cinco do artigo 16 o seguinte contido:
"...que, en todo caso, terá que contar coa autorización expresa dos titulares dos montes."

Emenda nº18, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 16

Adición dun novo parágrafo na alínea b) do punto Cinco no artigo 16.
Engadir despois de: "...mínimo de 15 días..." o seguinte contido: "que sempre deberá ir acompañado do certificado do correspondente seguro de responsabilidade civil en vigor da entidade ou persoa organizadora. En todo caso, ten que contar coa autorización expresa dos titulares dos montes."

Emenda nº19, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 16

Modifícase o terceiro parágrafo da alínea b) do punto Cinco do artigo 16.
Onde di: "En todos os casos a persoa promotora do acto ou da actividade, que deberá contar coa autorización expresa da persoa titular, será a responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poida producirse...", debe dicir: "En todos os casos a persoa promotora do acto ou da actividade será a responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poida producirse..."



Emenda nº20, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 16

Adición ao final do último parágrafo da alínea b) do punto Cinco do artigo 16 do seguinte contido:

Engadir in fine: "...En todo caso, teñen que contar coa autorización expresa dos titulares dos montes."

Emenda nº21, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo parágrafo ao final da alínea b) do punto Cinco do artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"Habilitarase un seguro universal que dea cobertura aos titulares dos montes dos percances que poidan derivarse do uso social dos montes disfrutado de xeito individual e non organizado."

Emenda nº22, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 16

Adición dun novo parágrafo na alínea b) do punto Cinco do artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"A Administración competente artellará mecanismos para velar e controlar o cumprimento desta normativa por parte da cidadanía, sendo imprescindible que se establezan medidas efectivas para que axentes ambientais e forestais e forzas de seguridade con competencias sobre o monte actúen tanto preventivamente como, se fose preciso, sancionadoramente. Todo isto sen prexuízo de que as Comunidades de montes veciñais adoiten as medidas de control que consideren oportunas."

Emenda nº23, de Supresión. Artigo 29

Suprimir o artigo 29



Emenda nº24, de Supresión. Artigo 31

Suprimir todo o artigo 31

Emenda nº25, de Supresión. Artigo 32

Suprimir todo o artigo 32

Emenda nº26, de Supresión. Artigo 33

Suprimir todo o artigo 33

Emenda nº27, de Supresión. Artigo 34

Suprimir todo o artigo 34

Emenda nº28, de Supresión. Artigo 36

Suprimir todo o artigo 36

Emenda nº29, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 38

Adición ao final do número 4 do artigo 65 no punto Seis do artigo 38 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Nomeadamente, recollerase a participación do concello ou concellos afectados."

Emenda nº30, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 38

Adición ao final do número 2 do artigo 73 do punto Seis o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...Antes de proceder á substitución ou subrogación competencial para o outorgamento da licenza urbanística para un proxecto do plan autonómico de impulso industrial, o goberno galego aplicará medidas de cooperación e



axuda, ao abeiro do disposto nos artigos 193 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, para acadar o cumprimento dos prazos na tramitación das licenzas urbanísticas dos proxectos incluídos nos anteditos plans."

Emenda nº31, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 38

Suprimir o artigo 73 *bis* no punto Seis do artigo 38

Emenda nº32, ao apartado Oito, de Adición. Artigo 38

Adición dun novo parágrafo no punto Oito do artigo 38, que quedará redactado co seguinte contido:
"Cando o goberno galego declare estratéxico un proxecto industrial, deberá compensar financeiramente aos concellos pola minoración dos seus ingresos en concepto de taxas ou impostos; tal e como establece o pacto local asinado en 2006, que dispón que a Xunta debe compensar financeiramente aos concellos ante a aprobación de normas autonómicas que supoñan unha merma dos seus ingresos."

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2023
16:48:14**



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, presenta ante esa Mesa a seguinte corrección de erros á **emenda ao articulado ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2024**, documento con número de rexistro **62426**.

Corrección de erros:

Na emenda número 4, onde di: "...da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente...", debe dicir: "...da devandita contía a cantidade máxima de ata 300.000 euros correspondente...".

Santiago de Compostela, 21 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data **21/11/2023 17:54:44**





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

